

**QUINTA.—PROGRAMA DA CONVOCATORIA
PRIMEIRA PARTE**

1. Dereitos e deberes dos funcionarios locais. Réxime de incompatibilidades.

2. O municipio: concepto, elementos e competencias. O órganos de goberno municipal.

SEGUNDA PARTE

1. Organigrama das brigadas operativas do Concello de Pontevedra.

2. Maquinaria e utensilios empregados por unha brigada municipal de obras.

3. Maquinaria e utensilios utilizados por unha brigada municipal de xardinería.

4. Materiais e utensilios empregados polas brigadas de fontanería e de electricidade.

5. Conservación e mantemento de edificios públicos: reparacións de mobiliario, eléctricas, de fontanería, de instalacións, de xardinería, de carpintería.

6. Normas elementais de amoreamento e almacenaxe dos diversos materiais utilizados.

7. Muros de cachotería. Muros de ladrillo. Cubertas. Pavimentos e baldosas.

8. Normas de seguridade e hixiene que se terán en conta na execución de traballos pola brigada de obras. Prevención de riscos.”

RECURSOS PROCEDENTES:

Contra o precedente acordo, que pon fin á vía administrativa, poderá interpoñerse o RECURSO POTESTATIVO DE REPOSICIÓN ante a Xunta de Goberno Local e no prazo dun mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación, ó abeiro do establecido no artigo 116-1 da Lei 30/1992 do Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, segundo a redacción dada pola Lei 4/1999 pola que se modifica a primeira, o ben directamente o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra no prazo de dous meses contados dende o día seguinte ó da súa notificación, consonte ó disposto nos artigos 8-1 e 46-1 da Lei 29/1998, de 13 de xuño da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

No caso de interpoñerse o recurso potestativo de reposición, deberase resolver e notificar no prazo dun mes segundo establece o artigo 117-2 da devandita Lei 30/1992, modificada pola Lei 4/1999, entendéndose desestimado o recurso de reposición polo transcurso de dito prazo sen resolución expresa notificada, de conformidade co establecido no artigo 43-2 da Lei 30/92, modificada pola Lei 4/1999, podendo entón os interesados interpoñer recurso contencioso-administrativo no prazo de seis meses contados dende o día seguinte de aquel no que deba entenderse presuntamente desestimado o recurso de reposición interposto, consonte ó establecido no artigo 46-1) e 4) da Lei 29/1998, Reguladora da Xurisdicción Contencioso-Administrativa.

Non obstante, tamén poderase interpoñer calquera outro recurso que os interesados estimen procedentes conforme a Dereito.

Pontevedra, 25 de febreiro de 2007.—O Concelleiro Responsable da Área de Persoal e Réxime Interior, José Antonio García Lores. **2008002421**

MARÍN

A N U N C I O

Transcorrido o prazo de exposición ao público e ó non ter presentada ningunha reclamación considérase aprobada definitivamente a modificación do Regulamento do Consello Escolar Municipal, de acordo co artigo 49 da Lei de Bases de Réxime Local conforme o establecido no art. 70.2 do citado texto legal faise público o texto integro da mesma.

**REGULAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR
MUNICIPAL DE MARÍN**

CONSTITUCIÓN

Art.1.—O Consello Municipal de Marín, constitúese como órgano de consulta e participación dos sectores afectados na programación do Ensino non Universitario, e na planificación dos centros escolares do ámbito municipal de Marín.

COMPETENCIAS

Art.2.—O Consello Escolar Municipal será consultado pola Administración educativa e polo Concello sobre as cuestións relacionadas co ensino no ámbito municipal. En atención ó seu carácter esencialmente participativo e á finalidade prevista no artigo anterior, a actuación do Consello Escolar referirase ás seguintes cuestións:

- Convenios e acordos de colaboración coa Consellería de Educación e Orientación Universitaria, ou calquera outra Administración Pública, en materias que afecten ó ensino dentro do ámbito municipal.
- Actuacións e normas municipais que afecten ós servizos educativos complementarios e extraescolares tales como transporte escolar, comedores, servizo de limpeza e conservación.
- Actuacións e normas municipais que afecten ou favorezan a ocupación real das prazas escolares e a redistribución por centros do alumnado solicitante de praza, coa finalidade de mellorar o rendemento educativo, que o neno/nena esté o máis preto posible do centro, e, se é o caso, facer efectiva a obrigatoriedade e o dereito ó ensino.
- Situación dos centros escolares dentro da demarcación para que sexan construídos, se é o caso, naqueles lugares onde cumpran mellor función social, para evitar desprazamentos innecesarios á súa comunidade escolar.
- Prioridades nos programas e actuacións municipais que afecten á conservación, mantemento axeitado e vixiancia dos centros docentes.
- Fomento das actividades tendentes a mellorar a calidade educativa, especialmente no que respecta á adaptación de programación ó medio.

- Competencias educativas que afecten ó ensino non universitario e que a lexislación otorgue ós concellos.
- Calquera outro asunto que pola súa importancia para a vida escolar do Concello lle sexa consultado.
- A programación de investimentos en materia educativa

Art.3.—O Consello Escolar Municipal elaborará ó finalizar o curso escolar, un informe sobre o estado do ensino no concello, e que enviará á Corporación Municipal e ó Consello Escolar Territorial respectivo, de habelo. No seu defecto, tal informe será remitido ó Consello Escolar de Galicia.

Art.4.—O Consello Escolar Municipal poderá elevar á Administración Educativa ou ó Concello, informes ou propostas para o mellor funcionamento do sistema educativo

COMPOSICIÓN DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

Art.5.—Presidente/Presidenta, que será o Alcalde/Alcaldesa ou membro da Corporación en quen delegue.

Vicepresidente/Vicepresidenta que será elixido/elexida polo Pleno do Consello Escolar Municipal entre os seus membros.

Vocais:

- Dez profesores/profesoras (seis de ensino público, catro do ensino privado concertado) dos niveis educativos correspondentes ó ámbito do ensino non universitario de Galicia, propostos polos sindicatos ou asociacións profesionais, en proporción ás representacións obtidas no municipio nas eleccións sindicais respectivas ó sector docente.
- Seis pais/nais de alumnos/alumnas propostos polas asociacións de nais e pais de alumnos/alumnas se están federadas e no seu defecto a Federación de A.N.P.A.S.
- Catro alumnos/alumnas elixidos/elexidas polos representantes dos alumnos/alumnas nos consellos escolares dos centros do Concello, entre ditos representantes de alumnos/alumnas.
- Dez membros elixidos segundo o que dispoña a Corporación Municipal, dacordo co disposto no artigo 16.1b. da Lei do Parlamento de Galicia 3/1.986 do 18 de decembro.
- A Administración Educativa estará representada, ademais, no Consello Escolar Municipal polo funcionario/funcionaria que designe o Delegado/Delegada Provincial da Consellería de Educación e Orientación Universitaria, conforme co disposto no artigo 16.2 da Lei 3/1.986 do Parlamento de Galicia.

Como Secretario/Secretaria do Consello Escolar Municipal, actuará o/a Secretario/Secretaria do Concello, que o fará con voz pero sen voto.

PROCEDEMENTO DE ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DOS/DAS ALUMNOS/ALUMNAS

Art.6.—A organización e supervisión das eleccións dos representantes dos/das alumnos/alumnas no Consello Escolar Municipal estará a cargo da Xunta Electoral que se constituirá a tal efecto, e que estará formado por:

- O/A Alcalde/Alcaldesa ou membro da Corporación en quen delegue.
- Un/Unha profesor/profesora.
- Un pai/nai de alumno/alumna.
- Un/Unha alumno/alumna que estudie a partires da Educación Secundaria Obligatoria (E.S.O.).

Estes membros de Xunta Electoral, agás o/a Alcalde/Alcaldesa, serán designado por sorteo.

6.1.—Son competencias da Xunta Electoral:

- Aprobar e publicar os censos electorais, que deberán reflexar en todo caso o nome e apelidos dos electores/electoras.
- Ordenar o proceso electoral.
- Admitir e proclamar candidaturas.
- Promover a constitución da mesa electoral.
- Resolver as reclamacións presentadas contra as resolucións da mesa electoral.
- Proclamar os/as candidatos/candidatas elixidos/elexidas e remitir as correspondentes actas á Delegación Provincial da Consellería de Educación e Orientación Universitaria.

Art.7.—En representación do alumnado:

7.1.—Serán elixibles tódolos/tódalas alumnos/alumnas pertencentes ós consellos escolares dos centros escolares onde se imparta E.S.O., Ciclos Formativos ou Bacharelato.

7.2.—Serán electores/electoras tódolos/tódalas representantes de alumnos/alumnas que formen parte do consello Escolar de cada centro onde se imparta E.S.O., Ciclos Formativos ou Bacharelato.

Art.8.—Os censos electorais conterán as relacións daqueles/daquelas que reunan os requisitos para ser electores/electoras.

8.1.—A Xunta Electoral aprobará e publicará un censo de electores/electoras dos/das alumnos/alumnas que reúnan tal condición.

8.2.—Os censos electorais expóranse nos taboleiros de anuncios dos centros do municipio e no propio Concello dez días antes, polo menos, da data fixada para o acto electoral, para a súa comprobación e posibles reclamacións que resolverá a Xunta Electoral Municipal.

Art.9.—O voto dos/das electores/electoras será directo, secreto e non delegable.

Art.10.—Dos/das candidatos/candidatas.

10.1.—Poderán ser candidatos/candidatas a membros do Consello Escolar Municipal en representación dos/das alumnos/alumnas aqueles/aque-las que, ademáis das condicións ás que se refire o artigo 7 do presente regulamento presenten a súa candidatura avalada por unha asociación de alumnos/alumnas, ou cando menos, por tres alumnos/alumnas que figuren no censo electoral

Se o número de alumnos/alumnas que figuran no censo electoral é inferior ou igual a cinco, poderán ser candidatos/candidatas á totalidade dos/das mesmos/mesmas.

10.2.—Os/as candidatos/candidatas que reunan as condicións ás que se refire o apartado anterior serán proclamados/proclamadas pola Xunta Electoral, que confeccionará unha lista de candidatos/candidatas que se expoñerá no taboleiro de anuncios dos centros e do Concello.

Art.11.—Procedementos de eleccións.

11.1.—Os/as representantes dos/das alumnos/alumnas no Consello Escolar Municipal serán eleixidos/eleixidas polos/polos representantes dos/das alumnos/alumnas nos consellos escolares dos centros existentes no Concello, entre os/as candidatos/candidatas proclamados/proclamadas pola Xunta Electoral.

11.2.—No Concello procederase á constitución dunha Mesa Electoral nombrada pola Xunta Electoral e integrada por un membro da Corporación Municipal, designado/designada polo/pola Alcalde/Alcaldesa e os/as alumnos/alumnas que reunan as condicións de electores/electoras, designados/designadas por sorteo entre os/as que se presenten como candidatos/candidatas e ata un total de catro membros.

11.3.—Cada mesa electoral, finalizada a votación, procederá ó escrutinio dos votos, que será público, e unha vez efectuado este, redactarase un acta que asinarán tódolos membros da Mesa, na que farán constar os votos acadados por cada un/unha dos/das candidatos/candidatas. Destas actas, darase traslado á Xunta Electoral Municipal. A Mesa encargarse de presidir a votación, conserva a orde, velar pola pureza do sufraxio e realizar o escrutinio.

Art. 12.—Proclamación de candidaturas eleixidas.

12.1.—Recibida a acta pola Xunta Electoral Municipal, esta procederá a dirimir, se é o caso, os empates producidos, seguindo o criterio de que resultará eleixido/eleixida o/a candidato/candidata que posúa maior antigüidade no centro, e no caso de proseguir o empate, o/a de maior idade.

12.2.—A Xunta Electoral Municipal proclamará os/as candidatos/candidatas eleixidos/eleixidas, dando traslado da copia da acta recibida ó/á Delegado/Delegada Provincial da Consellería de Educación e Orientación Universitaria.

12.3.—Contra as decisións da Xunta Electoral Municipal, en canto á proclamación de candidatos/candidatas, poderase recorrer, no prazo de 15 días, ante a Delegación Provincial da Consellería de Educación e Orientación Universitaria. A resolución deste recurso podrá fin á vía administrativa.

FUNCIONAMENTO DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

Art. 13.—O Consello Escolar Municipal funcionará, a partires da súa constitución, en Pleno, Comisión Permanente e Comisións de Traballo.

O Pleno reunirse de maneira ordinaria cada catro meses, sendo convocado polo seu/súa Presidente/Presidenta. Poderase convocar extraordinariamente sempre que a presidencia así o requira, así como a solicitude por escrito dun terdos dos seus membros.

Os membros da Comisión Permanente serán eleixidos/eleixidas polo Pleno do Consello Escolar Municipal, e asegurará a representación de tódolos sectores, estará formada por:

- O/A Concelleiro/Concelleira Presidente/Presidenta da Comisión de Educación, que actuará como Presidente/Presidenta.
- Tres profesores/profesoras do ensino público.
- Un/Unha profesor/profesora do ensino privado concertado.
- Dous/dúas pais/nais.
- Os/As presidentes/presidentas das comisións de traballo que se establezan.
- Un/unha funcionario/funcionaria administrativo/administrativa municipal que actuará como secretario/secretaria, para a redacción das actas, non tendo voz nin voto.

A Comisión Permanente reunirse cada tres meses de maneira ordinaria e poderase reunir de maneira extraordinaria sempre que a presidencia así o considere, tamén mediante solicitude por escrito dun tercio dos seus membros.

Dentro do Consello Escolar Municipal, estableceranse Comisións de Traballo, que se poderán xuntar cantas veces o consideren oportuno os seus membros.

En cada Comisión de traballo haberá un/unha Presidente/Presidenta, un/unha secretario/secretaria, e alomenos cinco vocais.

Cada comisión eleixirá o/a seu/súa presidente/presidenta, e será ratificado polo pleno do Consello Escolar Municipal. Será membro da Comisión

Permanente, e portavoz de Comisión diante do Pleno.

O/A Secretario/Secretaria de cada Comisión, que será elixido/elexida polo/pola Presidente/Presidenta da mesma, realizará a acta de cada unha das reunións e a orde do día de cada unha delas.

No Consello Escolar Municipal funcionará alomenos a Comisión de Equipamento Escolar. As súas propostas serán elevadas a Comisión Permanente.

Se poderá requirir a presenza nas sesións das distintas comisións de calquer persoa que polos seus coñecementos ou a súa representatividade na sociedade poderán aportar a súa experiencia para un mellor desenrolo da actividade proposta.

Art.14.—Funcións dos Órganos do Consello Escolar Municipal:

14.1.—Presidencia:

- Ostentar a representación do Consello Escolar Municipal.
- Convocar e presidir as reunións do Consello Escolar e moderar os debates.
- Autorizar co seu visto e praxe as Actas aprobadas polo Pleno.

14.2.—Vicepresidencia:

- Asume as atribucións da presidencia en caso de ausencia, vacante ou doenza
- Desempeñar as tarefas que a presidencia lle delegue

14.3.—O/A Secretario/Secretaria:

- Citar ós membros do Consello Escolar Municipal ás súas reunións, ven sexan plenarias ou de Comisión Permanente
- Redactar as actas das sesións do Pleno e da Comisión Permanente, que serán aprobadas na seguinte reunión
- Custodiar as actas
- Calquera outra función relacionada co seu cargo

14.4.—A Comisión Permanente

- Preparar a orde do día para ás sesións plenarias
- Preparar os temas, informes, propostas e dictámenes para ser debatidos no pleno.
- Formar as Comisións de Traballo e coordinar a súa labor
- Elaborar o informe anual das actuacións do Consello Escolar Municipal
- Elaborar o informe anual da situación do ensino no Concello
- Xestionar os asuntos e acordos que lle encomende o Pleno

14.5.—As Comisións de traballo:

- Elaboración de informes, traballos, seguementos e demais tarefas que poidan xurdir en áreas específicas
- Elevación dos distintos informes xuntamente coas súas conclusións á Comisión permanente, para o seu estudo e proposición na orde do día do próximo pleno do Consello Escolar Municipal

MANDATO DOS MEMBROS DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL

Art.15.—A duración do mandato e representación dos membros do Consello Escolar Municipal para aqueles elixidos por representación de profesores/profesoras, pais e nais e alumnos/alumnas, será de dous anos, facéndose unha renovación parcial do 50% cada ano, co obxecto de que haxa unha continuidade nos plantexamentos e nos traballos emprendidos.

Art.16.—Calquera vacante que se produza no Consello Escolar Municipal, antes de rematarse o periodo de tempo para o que foron elixidos, xa sexa por renuncia expresa ou por ter perdido as condicións requeridas para formar parte do Consello, será cuberta por outros membros pertencentes ó mesmo colectivo e designados por éste.

Art.17.—Independentemente dos nombramentos que podan ter lugar por vacantes que se produzan, segundo o disposto no artigo anterior, os/as representantes que foron designados/designadas por Organismos ou colectivos, sen mediar sufraxio, poderán ser substituídos na súa representación e funcións cando, polos motivos que sexan, o colectivo ó que representa o considere oportuno.

Art.18.—A sede do Consello Escolar Municipal estará nos locais que ó efecto lle sinale a Corporación Municipal, levándose a cabo nos mesmos as reunións ven sexan do Pleno ou das Comisións.

Art.19.—En caso de que despois de intentalo, e por calquera motivo, non fose nomeado representante calquera dos membros do Consello Escolar Municipal, este poderá ser constituído e o membro será elixido na seguinte quenda que organiza este Regulamento.

DISPOSICIÓN FINAL

Este Regulamento publicarase no Boletín Oficial da Provincia e non entrará en vigor ata que se publique completamente o seu texto e transcurra o prazo previsto no art. 65.2 da Lei Reguladora das Bases de Réxime Local.

Marín, 26 de febreiro de 2008.—O Alcalde,
Francisco A. Veiga Soto. 2008002351